

**Acta núm. 11/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 11 de maio de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Non asiste: Pablo Lago Sanmartín.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 11 de maio de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor 1º tenente de alcalde Carlos Noya Pereira, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2021, DO 04.05.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 4º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 10/2021, DO 04.05.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 04.05.2021, acta núm. 10/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBÉN CELA BOISA, na que comunica que vai colocar dúas persianas polo exterior das xanelas da vivenda de Babenzo 45, 2ºB, Bastavales.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7821910NH2472S0015YW) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,49 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,06 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIANA ABAD NOYA, na que comunica que vai colocar un toldo para cubrir un balcón e unha fiestra na vivenda de Babenzo 46, 2ºB, Bastavales, suxeito á fachada traseira e sen afectar a viais ou espazos públicos.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7821910NH2472S0022PY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,62 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,19 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN ROIS SOTO, na que comunica que vai colocar un toldo para cubrir un balcón e unha fiestra na vivenda de Babenzo 46, 1ºB, Bastavales, suxeito á fachada traseira e sen afectar a viais ou espazos públicos.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7821910NH2472S0020IR) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,62 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,19 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO SÁNCHEZ MAYO, na que comunica que vai reparar un muro na Avda. Santa Minia 34 A, Brión, substituíndo os postes de formigón e arame en mal estado por outros novos, sen modificar a liña e a altura do mesmo.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6357818NH2465N0004ZP) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 106,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL CARNOTA CALO, na que comunica que vai realizar obras de conservación de escasa entidade, consistentes na reparación do pavimento interior do alpendre, situado en Pazos 9, Ons.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 1592302NH2419S0001UJ) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM, e sitúase dentro da aldea de Pazos, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como OE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,92 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 69,49 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSÉ SIGNIORINI PÉREZ, na que comunica que vai realizar obras de escasa entidade, substituindo a totalidade das fiestras de madeira por fiestras de PVC, na Avd. dos Ánxeles 27, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6649562NH2464N0001AD), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 166,16 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 230,73 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GERARDO ANTONIO OTERO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Rúa Gondar 9, Brión, substituindo a totalidade da tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6663920NH2466N0001RQ), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 122,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 187,17 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ SANMARTÍN, na que comunica que vai realizar obras no interior da parcela de Sanín 16, Os Ánxeles, para conectar o saneamento desde a vivenda ata o límite coa vía pública.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6436301NH2463N0001LL) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Sanín, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE6, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,57 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JORGE ANTONIO RIVAS RIAL, na que comunica que vai realizar un peche de parcela de 103 metros de lonxitude aproximadamente, con postes de madeira e arame, de 1,50 metros de alto, respecto á rasante natural do terreo, en Coruxido, Bastavales.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7102623NH2470S0000JW) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,43 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ MANUEL RODRIGUEZ VIDAL, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Lamiño, Brión, segundo o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado número 270/21.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 6559432NH2466S0001XO

Superficie: 1.371 m², segundo medición recente.

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Sur: Amalia Vilanova Piñeiro (683), regato en medio e zona excluída, propiedade de Susana María García Antelo.

Leste: camiño.

Oeste: parcela segregada de Susana María García Antelo.

Está atravesada por un regato en dirección norte-sur.

Segregación pretendida:

PARCELA 684-1.

Superficie bruta: 478 m².

Superficie de cesión: 8 m² (fora das aliñacións establecidas no planeamento).

Superficie neta: 470 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Sur: zona excluída.

Leste: parcela 684-2 procedente desta segregación.

Oeste: parcela segregada de Susana María García Antelo.

Está atravesada por un regato en dirección norte-sur.

PARCELA 684-2.

Superficie bruta: 491 m².

Superficie de cesión: 8 m² (fora das aliñacións establecidas no planeamento).

Superficie neta: 483 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Sur: zona excluída.

Leste: parcela 684-3 procedente desta segregación.

Oeste: parcela 684-1 procedente desta segregación.

Está atravesada por un regato en dirección norte-sur.

PARCELA 684-3 ou resto de parcela matriz.

Superficie bruta: 402 m².

Superficie de cesión: 11 m² (fora das aliñacións establecidas no planeamento).

Superficie neta: 391 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño construído pola Concentración Parcelaria.

Sur: zona excluída.

Leste: camiño.

Oeste: parcela 684-2 procedente desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 8 m², 8 m² e 11 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O 1º tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
 Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González